

CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO  
(BOQUEIXÓN)

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE CULTURA CLÁSICA (3º ESO)



CURSO 2021/2022

# Contido

---

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	3
2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE	4
3. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA	6
4. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE RELACIONADOS COS PERFÍS COMPETENCIAIS. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, TEMPORALIZACIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.	8
5. METODOLOXÍA	26
6. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.	28
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.	29
7. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL	30
8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE	31
9. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR	31
10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	31
ACTIVIDADES DE REFORZO E AMPLIACIÓN	32
11. ELEMENTOS TRANSVERSAIS	32
12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	34
13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR	35
14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO DE EDUCACIÓN DIXITAL	35
15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA	36
16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	36
17. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.	37
18. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.	37

# 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

---

A materia cultura clásica supón o primeiro achegamento sistemático, e quizais o único, ao mundo grecorromano, do que poida dispor o alumnado ao longo do seu proceso formativo. Integrada no currículo da educación secundaria obrigatoria, compaxina o coñecemento e comprensión do mundo clásico cunha toma de conciencia da súa presenza no mundo actual.

O estudo do mundo grecolatino nas áreas da cultura, a literatura, as artes e as ciencias, e o recoñecemento da súa transmisión e continuidade, será de grande importancia para tomar e ter conciencia da súa identidade.

Esta materia ten un obxectivo básico: coñecer os aspectos máis relevantes das sociedades e as culturas de Grecia e Roma e descubrir desde o mundo de hoxe o fío que nos guía ata elas. A cultura grecolatina, patrimonio común e irrenunciable, é a base necesaria dunha parte moi considerable do pensamento humano occidental, e as formas creadas polo xenio de gregos e romanos constitúen o soporte e a esencia da nosa civilización.

Mediante a comparación constante entre o seu contorno e a diversidade dos clásicos grecorromanos o alumnado será quen de recoñecer en que medida o seu presente é froito, xa directo, xa interpretado por sucesivas xeracións, dun rico proceso creador que transcorre ao longo de máis de trinta séculos de historia. Pero esta achega, aínda que moi importante, non é exclusivo, polo que deberá valorar tamén aqueles elementos asimilados doutras culturas. Así mesmo, comprobará de que xeito a cultura clásica se converte na enerxía vivificadora de todo renacemento cultural, e en particular de aquel co que se inaugura a época moderna.

O coñecemento do marco xeográfico e histórico e dos aspectos máis relevantes das sociedades grega e romana, desde as que se transmitiron modos de vida, institucións ou creacións literarias, técnicas e artísticas achegará un instrumento de referencia necesario para entender a configuración e o progreso de Europa, os antecedentes históricos da organización social, e a delimitación dos dereitos das persoas.

O estudo básico dos fundamentos das linguas grega e latina, das regras elementais de evolución fonética e da formación das palabras dota o alumnado dos coñecementos necesarios para comezar a entender a evolución lingüística, determinar os procesos de cambio fonético e semántico e ilustrar os procedementos que actúan na formación do léxico.

A cultura que modelou o noso presente e fixa boa parte dos nosos canons estéticos é tamén transmisora de valores universais, que entroncan a nosa herdanza cultural coas raíces do mundo clásico.

O acercamento ás narracións míticas xunto coa lectura, aínda que fragmentaria, de textos da literatura clásica axudará a observar como temas e tópicos da cultura grecolatina se transmitiron ata hoxe e seguen vivos nos nosos escritos e mesmo nas expresións da lingua cotiá.

A materia de cultura clásica está adscrita ao departamento de Música durante este curso, vai dirixida aos alumnos de 3º curso da E.S.O. e ten carácter de optativa. Como vai no mesmo bloque de materias que Francés, moito do alumnado está formado por alumnado exento de Segunda Lingua Estranxeira (Francés) en cursos anteriores, e que se vén obrigados a cursala, polo que non adoitan estar moi motivados fronte á materia.

O centro, enmarcado nun ámbito rural conta cunha maioría de alumnos galegofalantes. A poboación atópase diseminada en pequenas aldeas cunha economía baseada nas explotacións agrícolas e gandeiras.

## 2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

---

A partir dos elementos máis significativos do seu currículo, a materia contribúe de xeito directo á adquisición da competencia en **comunicación lingüística**.

1. Dende todos os seus contidos contribúese á lectura comprensiva de textos diversos e á expresión oral e escrita como medios indispensables para calquera aprendizaxe de calidade.
2. Ademais, dende o coñecemento da estrutura da lingua latina posibilitase unha comprensión profunda da gramática funcional das linguas europeas de orixe romance e doutras que comparten co latín o carácter flexivo, ou recibiron unha contribución léxica importante da lingua latina.
3. Dende o coñecemento dos procedementos para a formación das palabras e os fenómenos de evolución fonética colabórase eficazmente á ampliación do vocabulario básico e poténciase a habilidade para utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación. O coñecemento das etimoloxías grecolatinas proporciona a comprensión e incorporación dun vocabulario culto e explica o vocabulario específico de termos científicos e técnicos.
4. Dende o coñecemento da historia e evolución da lingua latina foméntase o ser consciente da variabilidade das linguas a través do tempo e dos

diferentes ámbitos xeográficos e sociais, así como da comunicación intercultural que a súa contorna supón.

5. Ese coñecemento fomenta igualmente o interese e o respecto por todas as linguas, incluíndo as antigas e as minoritarias, e o rexeitamento dos estereotipos baseados en diferenzas culturais e lingüísticas.

A percepción do contorno propio como o único posible limita a capacidade do alumnado de facerse preguntas que poidan levarlos a unha relación co contorno máis produtiva e gratificante. O contacto con culturas dotadas doutras inquedanzas, doutros valores e doutras relixións fará que relativicen as súas propias certezas e que sexan quen de analízalas criticamente. Máxime nestas que, en tantos aspectos xeográficos, económicos, artísticos e organizativos, seguen a estar presentes no mundo actual, servindo de nexo entre a meirande parte dos países do mundo que nos rodea.

O coñecemento de como se serviron do contorno, de como aproveitaron os recursos naturais, de como os transformaron, posibilitará unha mellora da **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**.

A contribución da materia á **competencia conciencia e expresións culturais** lógrase mediante o coñecemento do importante patrimonio arqueolóxico e artístico romano no noso país e en Europa, que potencia o aprecio e goce da arte como produto da creación humana e como testemuño da historia, ao tempo que fomenta o interese pola conservación dese patrimonio. Igualmente, proporciona referencias para facer unha valoración crítica de creacións artísticas posteriores inspiradas na cultura e na mitoloxía grecolatinas, ou das mensaxes difundidas polos medios de comunicación que, en moitos casos, toman a súa base icónica do repertorio clásico.

Do mesmo xeito, co coñecemento do mundo clásico e a súa pervivencia favorécese a interpretación da literatura posterior, na que perduran temas, arquetipos, mitos e tópicos, á vez que se desenvolve o interese pola lectura, a valoración do carácter estético dos textos e o amor pola literatura.

A contribución á **competencia social e cívica** establécese dende o coñecemento das institucións e o modo de vida dos romanos como referente histórico de organización social, participación dos cidadáns na vida pública e delimitación dos dereitos e deberes dos individuos e das colectividades, no ámbito dunha Europa diversa, unida en moitos aspectos pola cultura grecolatina. Paralelamente, o coñecemento das desigualdades existentes nesa sociedade favorece unha reacción crítica ante a discriminación pola pertenza a un grupo social ou étnico determinado, ou pola diferenza de sexos. Foméntase así no alumnado unha actitude de valoración positiva da participación cidadá, a negociación e a aplicación de normas iguais para todos como instrumentos válidos na resolución de conflitos. Doutra parte, se o traballo é cooperativo, impúlsase o respecto pola diferenza de criterios e pola liberdade de expresión.

O uso crítico da rede como fonte de información, o emprego de aplicacións informáticas para a elaboración de documentos de aula, servirán para completar a achega da cultura clásica á adquisición da **competencia dixital**.

As actividades relativas á recollida, selección e análise da información, a aplicación de técnicas de síntese, a identificación de palabras clave e a distinción entre ideas principais e secundarias aportan instrumentos básicos para a adquisición desta competencia, tan relacionada con destrezas para a continua formación persoal.

O estudo dos elementos básicos das linguas latina e grega contribúe á competencia de **aprender a aprender**, na medida en que propicia a disposición e a habilidade para organizar a aprendizaxe, favorece as destrezas de autonomía, disciplina e reflexión, exercita a recuperación de datos mediante a memorización e sitúa o proceso formativo nun contexto de rigor lóxico.

A materia contribúe ao **sentido de iniciativa e espírito emprendedor** na medida en que se utilizan procedementos que esixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. O traballo cooperativo e a posta en común dos resultados comporta necesariamente valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, comprender a forma de corrixilos e non renderse ante un resultado inadecuado. En definitiva, aporta posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

### 3. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA

---

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

p) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

#### 4. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE RELACIONADOS COS PERFÍS COMPETENCIAIS. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, TEMPORALIZACIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

---



Bloque 1: Xeografía								
OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar un mapa onde se sitúen os puntos xeográficos máis importantes das civilizacións grega e romana.</li> <li>Exercicios de localización en mapas mudos.</li> <li>Exercicios interactivos da aplicación web Palladium.</li> </ul>	1º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.</li> </ul>	Sitúa nun mapa puntos clave do marco xeográfico de Grecia e Roma.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Proba escrita</li> <li>Traballo individual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resumo das características físicas que condicionaron o desenvolvemento das civilizacións grega e romana.</li> <li>Visionado de vídeos relacionados coa situación xeográfica das civilizacións grega e romana e da influencia desta nas características de cada unha.</li> </ul>	1º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.2. Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB1.2.1. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións.</li> </ul>	Ten uns coñecementos básicos sobre o marco xeográfico de Grecia e Roma en relación coa súa historia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Proba escrita</li> <li>Traballo individual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> </ul>

Bloque 2: Historia								
OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.</li> <li>B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios de relacionar feitos históricos co seu período correspondente.</li> <li>Visionado de vídeos relacionados coa evolución histórica.</li> <li>Realización de liñas do tempo.</li> </ul>	1º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.</li> </ul>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> <li>Proba escrita</li> <li>Proba oral</li> <li>Traballo individual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> <li>e</li> <li>g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Marco histórico da civilización</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios de relacionar feitos históricos co seu período correspondente.</li> <li>Visionado de vídeos.</li> </ul>	1º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Coñecer as principais características</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.</li> </ul>	Identifica as etapas da historia de Grecia e Roma.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Proba escrita</li> <li>Caderno de clase</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> <li>CSC</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>• ñ</li> </ul>	<p>grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización de liñas do tempo.</li> <li>• Exercicios interactivos da aplicación Palladium.</li> </ul>		<p>de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.2.2. Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.</li> <li>▪ CCB2.2.3. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen feitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información.</li> <li>▪ CCB2.2.4. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.</li> </ul>	<p>Ten unha idea global do tempo transcorrido entre as civilizacións grega e romana.</p> <p>Completo</p> <p>Sinala uns mínimos nun eixe cronolóxico de Grecia e Roma.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Proba oral</li> <li>▪ Proba escrita</li> <li>▪ Observación do caderno da aula</li> <li>▪ Traballo en grupo</li> <li>▪ Traballo individual</li> <li>▪ Cuestionario</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• ñ</li> <li>• o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.</li> <li>• B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización de resumos e esquemas.</li> <li>• Elaboración de mapas coa evolución da organización administrativa da Hispania romana.</li> <li>• Visionado de vídeos.</li> <li>• Reflexión sobre a influencia da romanización na España e na Galicia actuais.</li> <li>• Realización de murais.</li> <li>• Exercicios interactivos da aplicación web Palladium.</li> </ul>	<p>1º Trimestre</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.3. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.3.1. Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.</li> </ul>	<p>Explica as causas e fases da romanización na Península Ibérica.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Traballo en grupo</li> <li>▪ Traballo individual</li> <li>▪ Cuestionario</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

	República e Imperio.				<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.3.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.</li> </ul>	Explica os principios básicos da romanización da Península Ibérica.		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
--	----------------------	--	--	--	---	---	--	---

Bloque 3: Mitoloxía								
OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.1. O panteón grego e romano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exercicios de relacionar cada un dos deuses do panteón coa súa imaxe, atributo e ámbito.</li> <li>• Lectura de textos mitolóxicos relacionados cos principais deuses.</li> <li>• Exercicios interactivos da aplicación web Palladium.</li> </ul>	2º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.</li> </ul>	Únicamente dos deuses máis importantes do panteón olímpico e dos heroes máis importantes.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Traballo en grupo</li> <li>▪ Traballo individual</li> <li>▪ Cuestionario</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• e</li> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.2. Mitos grecolatinos. Os heroes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura de textos mitolóxicos.</li> <li>• Representación dalgún mito.</li> <li>• Comparación entre os</li> </ul>	2º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.</li> </ul>	Identifica e explica os principais aspectos dun número mínimo de deuses e heroes.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Traballo en grupo</li> <li>▪ Traballo individual</li> <li>▪ Cuestionario</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

		<p>héroes mitolóxicos e os actuais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Recoñecemento de referencias mitolóxicas en obras importantes das artes plásticas e da música, traballando con exemplos.</li> <li>Exercicios interactivos da aplicación web Palladium.</li> </ul>		<p>diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>CCB3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.</li> <li>CCB3.2.3. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.</li> <li>CCB3.2.4. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.</li> </ul>	<p>Compara dun modo básico diferentes mitoloxías.</p> <p>Explica a pervivencia de figuras míticas de heroes e é quen de relacionala co concepto actual de heroe.</p> <p>Recoñece referencias mitolóxicas nas diferentes artes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Posta en común na clase.</li> <li>Traballo en grupo</li> <li>Traballo individual</li> <li>Cuestionario</li> <li>Traballo individual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> <li>CD</li> <li>CCEC</li> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> <li>CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>I</li> <li>ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. Relixión grega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios interactivos sobre a relixión grega.</li> <li>Realización de encrucillados e tests.</li> </ul>	2º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.</li> <li>CCB3.3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, póndoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.</li> </ul>	<p>Coñece as características básicas da relixión grega.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestionario</li> <li>Traballo individual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CMCCT</li> <li>CCEC</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.4. Relixión romana: culto público e privado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración de resumos e esquemas.</li> <li>• Exercicios interactivos da aplicación web Palladium.</li> </ul>	<p>2º trimestre</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.</li> </ul>	<p>Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados e explica algúns trazos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestionario</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
---	---	--	---------------------	--	---	--	--	--

Bloque 4: Arte								
OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> <li>• I</li> <li>• b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.1. Fundamentos da arte clásica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exercicios interactivos da aplicación web Palladium.</li> <li>• Análise de obras clásicas.</li> <li>• Elaboración de murais dixitais.</li> <li>• Elaboración de liñas do tempo.</li> </ul>	3º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Traballo en grupo</li> <li>▪ Traballo individual</li> <li>▪ Cuestionario</li> </ul>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
					<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB4.1.2. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Traballo en grupo</li> <li>▪ Traballo individual</li> <li>▪ Cuestionario</li> </ul>	Sitúa en eixes cronolóxicos aspectos relacionados coa arte grecolatina.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• I</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.2. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Localización de obras de arte clásicas.</li> <li>• Traballos de investigación en distintos soportes.</li> <li>• Elaboración de exemplos de columnas.</li> <li>• Exercicios interactivos da aplicación web Palladium.</li> <li>• Visionado de vídeos.</li> </ul>	3º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB4.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoal a súa resposta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Traballo en grupo</li> <li>▪ Traballo individual</li> <li>▪ Cuestionario</li> </ul>	Distingue as distintas ordes arquitectónicas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• I</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.3. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Localización de exemplos de esculturas clásicas.</li> <li>• Recoñecemento en imaxes das principais esculturas identificando o mito no que están baseadas.</li> </ul>	3º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB4.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Traballo individual</li> <li>▪ Cuestionario</li> </ul>	Distingue etapas e trazos característicos da escultura grega e romana.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>

	temáticas.			identificar a súa temática.				
• l • ñ	• B4.4. Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecemento das diferentes obras públicas romanas.</li> <li>• Esquema do que era unha cidade romana.</li> <li>• Localización de exemplos de cidades construídas baseándose en exemplos clásicos.</li> <li>• Comparación das cidades romanas coas actuais.</li> <li>• Visionado de vídeos.</li> <li>• Exercicios interactivos da aplicación web Palladium.</li> </ul>	3º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB4.4.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Traballo individual</li> <li>▪ Cuestionario</li> </ul>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
• e • ñ	• B4.5. Herdanza clásica no patrimonio artístico.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exercicios interactivos da aplicación web Palladium.</li> <li>• Elaboración dun mural dixital ou traballo de investigación visual.</li> </ul>	3º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB4.5.1. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Traballo en grupo</li> <li>▪ Cuestionario</li> </ul>	Localiza nun mapa monumentos clásicos do patrimonio español.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

**Bloque 5: Sociedade e vida cotiá**

OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
• a	• B5.1. Organización política	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración de esquemas e resumos.</li> <li>• Exercicios interactivos da</li> </ul>	2º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB5.1.1. Nomea os principais sistemas políticos da</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Traballo individual</li> <li>▪ Cuestionario</li> </ul>	Coñece os diferentes sistemas políticos e as institucións da	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>



	en Grecia e en Roma.	aplicación web Palladium.		mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas.	antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política.		antigüidade clásica.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• g</li> <li>• h</li> <li>• ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.2. Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballos de investigación e difusión.</li> <li>• Encrucillados.</li> <li>• Exercicios interactivos da aplicación web Palladium.</li> </ul>	1º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB5.2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Trabajo en grupo</li> <li>▪ Trabajo individual</li> <li>▪ Cuestionario</li> </ul>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
					<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB5.2.2. Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestionario</li> </ul>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• c</li> <li>• ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.3. A familia en Grecia e Roma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración de esquemas e resumos.</li> <li>• Traballos de investigación en diferentes formatos.</li> <li>• Exercicios interactivos da aplicación web Palladium.</li> </ul>	1º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Trabajo en grupo</li> <li>▪ Posta en común</li> </ul>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

					culturais e comparándoos cos actuais.			
• m	• B5.4. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.	• Visionado de vídeos. • Traballos de investigación en diferentes formatos. • Exercicios interactivos da aplicación web Palladium.	2º trimestre	▪ B5.4. Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	▪ CCB5.4.1. Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma.  ▪ CCB5.4.2. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, e explica a súa influencia no progreso da cultura occidental.	▪ Traballo individual  ▪ Cuestionario	Identifica e describe dun xeito básico as vivendas, alimentación, hixiene e vestimenta en Grecia e Roma.  Coñece as formas de traballo da época clásica e as comparacións actuais.	▪ CD ▪ CAA ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CCL  ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCL
• d	• B5.5. Espectáculos públicos en Grecia e Roma.	• Visionado de vídeos. • Traballos de investigación en diferentes formatos. • Exercicios interactivos da aplicación web Palladium.	2º trimestre	▪ B5.5. Identificar as principais formas de lecer da antigüidade.	▪ CCB5.5.1. Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.	▪ Traballo en grupo	Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana.	▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCL
• ñ	• B5.5. Os espectáculos públicos en Grecia	• Visionado de vídeos. • Traballos de investigación en diferentes formatos. • Exercicios interactivos da aplicación web Palladium.	2º trimestre	▪ B5.6. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais.	▪ CCB5.6.1. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con	▪ Traballo en grupo ▪ Cuestionario	Coñece aspectos básicos dos Xogos Olímpicos.	▪ CD ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCL

	e Roma.				respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso.			
--	---------	--	--	--	---	--	--	--

Bloque 6: Lingua e literatura								
OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
• e	• B6.1. Historia da escritura. Signos e materiais.	• Exercicios variados. • Exercicios interactivos da aplicación web Palladium.	3º Trimestre	▪ B6.1. Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións.	▪ CCB6.1.1. Recoñece tipos de escritura, clasifícaaos consonte súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen.	Recoñece diferentes tipos de escritura.	▪ Cuestionario ▪ Traballo en grupo	▪ CD ▪ CCEC ▪ CCL
• e	• B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto	• Práctica dos diferentes tipos de alfabeto. • Exercicios interactivos.	3º Trimestre	▪ B6.2. Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade.	▪ CCB6.2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos	Recoñece diferentes alfabetos do mundo occidental.	▪ Cuestionario ▪ Traballo individual	▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL

	romano.				doutros tipos de escrituras, e explica a súa orixe.			
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios de práctica dos alfabetos.</li> </ul>	3º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.3. Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB6.3.1. Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros.</li> </ul>	Recoñece diferentes alfabetos do mundo occidental	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestionario</li> <li>Traballo individual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CMCCT</li> <li>CCEC</li> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> <li>ñ</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.3. As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración de mapas.</li> <li>Exercicios de comparación de linguas romances.</li> <li>Exercicios interactivos da aplicación web Palladium.</li> </ul>	3º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.4. Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB6.4.1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco.</li> </ul>	Enumera e localiza nun mapa as principais ramas de linguas indoeuropeas e os idiomas modernos que se derivan delas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestionario</li> <li>Traballo en grupo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> <li>CSC</li> </ul>

					<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.4.2. Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico, explicando e ilustrando con exemplos os elementos que evidencian do xeito máis visible a súa orixe común e o parentesco existente entre elas.</li> </ul>	Describe dun xeito básico a evolución das linguas romances a partir do latín.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestionario</li> <li>▪ Traballo individual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• l</li> <li>• ñ</li> <li>• o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.4. As linguas romances.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exercicios interactivos da aplicación web Palladium.</li> <li>• Elaborar listas de palabras.</li> <li>• Elaboración dun mapa coas linguas de España.</li> </ul>	3º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.5. Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.5.1. Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.</li> </ul>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestionario</li> <li>▪ Traballo individual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• h</li> <li>• ñ</li> <li>• o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.5. Composición e derivación culta de orixe grega e latina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballo con listas de palabras.</li> <li>• Exercicios interactivos da aplicación web Palladium.</li> </ul>	3º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.6. Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.6.1. Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.</li> </ul>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestionario</li> <li>▪ Traballo individual</li> <li>▪ Observación das intervencións na clase</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCA</li> </ul>

					<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.6.2. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes.</li> </ul>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestionario</li> <li>▪ Traballo individual</li> <li>▪ Observación das intervencións na clase</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• e</li> <li>• ñ</li> <li>• o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.6. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exercicios de recoñecemento de cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais.</li> <li>• Exercicios interactivos da aplicación web Palladium.</li> </ul>	3º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.7. Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.7.1. Identifica e diferencia con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información.</li> </ul>	Identifica e diferencia con seguridade determinados cultismos, semicultismos e termos patrimoniais sen necesidade de consultar ningunha fonte de información.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestionario</li> <li>▪ Traballo individual</li> <li>▪ Observación das intervencións na clase</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
					<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.7.2. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual.</li> </ul>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestionario</li> <li>▪ Traballo individual</li> <li>▪ Observación das intervencións na clase</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>• f</li> <li>• l</li> <li>• ñ</li> <li>• o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.7. Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exercicios de evolución dos termos latinos ata os seus derivados nas linguas romances.</li> <li>• Exercicios interactivos da aplicación web Palladium.</li> </ul>	3º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.8. Facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.8.1. Explica os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos derivados nas linguas romances, describindo algúns dos fenómenos fonéticos producidos e ilustrándoos con outros exemplos.</li> </ul>	Coñece os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos derivados nas linguas romances.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestionario</li> <li>▪ Traballo individual</li> <li>▪ Observación das intervencións na clase</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCA</li> </ul>
					<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.8.2. Realiza evolucións do latín ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.</li> </ul>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestionario</li> <li>▪ Traballo individual</li> <li>▪ Observación das intervencións na clase</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.8. Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración de listas de termos científicos actuais,</li> </ul>	2º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.9. Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.9.1. Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico-técnica e sabe usalos con propiedade.</li> </ul>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestionario</li> <li>▪ Traballo individual</li> <li>▪ Observación das intervencións na clase</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• h</li> <li>• ñ</li> <li>• o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.9. Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exercicios interactivos da aplicación web Palladium.</li> </ul>	3º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.10. Constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.10.1. Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas servíndose de exemplos para ilustrar o mantemento nestas de elementos léxicos</li> </ul>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestionario</li> <li>▪ Traballo individual</li> <li>▪ Observación das intervencións na clase</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCA</li> </ul>

					morfolóxicos e sintácticos herdados das primeiras.			
• I	• B6.10. Xéneros literarios grecolatino s: autores e obras principais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballo con textos clásicos.</li> <li>• Traballos de investigación.</li> <li>• Representación dalgunha obra clásica.</li> <li>• Exercicios de relacionar autores coas súas obras.</li> </ul>	3º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.11. Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.11.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e recoñece a súa influencia na literatura posterior.</li> </ul>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestionario</li> <li>▪ Traballo individual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCA</li> </ul>
• I	• B6.10. Xéneros literarios grecolatino s: autores e obras principais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballo con textos clásicos.</li> <li>• Traballos de investigación.</li> <li>• Exercicios interactivos da aplicación web Palladium.</li> </ul>	3º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.12. Coñecer os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.12.1. Nomea aos autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas.</li> </ul>	Coñece os autores máis representativos da literatura grecolatina e algunha das súas obras.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestionario</li> <li>▪ Traballo individual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

**Bloque 7: Pervivencia na actualidade**

OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
• I • n • ñ	• B.7.1. Civilización grecolatina nas artes e na	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración de murais e/ou traballos de investigación.</li> <li>• Exercicios interactivos da aplicación web Palladium.</li> </ul>	1º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.1. Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB7.1.1. Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que</li> </ul>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestionario</li> <li>▪ Traballo individual</li> <li>▪ Observación das intervencións na clase</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>



	organización social e política actual.				perviviron ata a actualidade, demostrando a súa vixencia nunha e noutra época mediante exemplos.			
<ul style="list-style-type: none"> <li>• l</li> <li>• n</li> <li>• ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B7.2. Mitoloxía e temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Investigación de temas lendarios da mitoloxía en manifestacións artísticas contemporáneas.</li> </ul>	2º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.2. Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB7.2.1. Demuestra a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos.</li> </ul>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestionario</li> <li>▪ Traballo individual</li> <li>▪ Observación das intervencións na clase</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• l</li> <li>• ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B7.3. Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración de mapas e murais.</li> <li>• Exercicios de análise.</li> </ul>	Todo curso	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.3. Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB7.3.1. Enumera e explica algúns exemplos concretos nos que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico tivo na historia e as tradicións do noso país.</li> </ul>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestionario</li> <li>▪ Traballo individual</li> <li>▪ Observación das intervencións na clase</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> <li>• e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B7.4. Traballos de investigación sobre a civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exercicios interactivos da aplicación web Palladium.</li> <li>• Traballos de investigación en diferentes formatos.</li> </ul>	Todo curso	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.4. Realizar traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para recabar información e realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul>	Completo	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cuestionario</li> <li>▪ Traballo individual</li> <li>▪ Traballo en grupo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

## 5. METODOLOXÍA

---

Seguirase unha metodoloxía activa que promova a ampla participación do alumno en clase. Faranse debates, preguntas para espertar a atención, actividades colectivas... para favorecer un traballo reflexivo e que conduza á análise das achegas da cultura clásica á nosa civilización.

Proporanse traballos individuais para favorecer o desenvolvemento persoal e traballos en grupo colaborados, que ademais de axudar a desenvolver habilidades sociais básicas e ao enriquecemento persoal, é unha ferramenta ideal para discutir e afondar nos contidos.

As explicacións dos conceptos fundamentais de cada unidade completaranse coa lectura e comentario dalgunhas lecturas da época, ou ben referentes aos temas tratados, explicando as ideas fundamentais para facilitar a comprensión dos alumnos/as e o léxico para que amplíen o seu vocabulario, ademais, sempre se vincularán a contextos reais, comparando e analizando a presenza das achegas clásicas á sociedade actual.

Prestarase atención especial ao léxico español de orixe latina e grega. Os procedementos de composición e derivación de orixe clásica así como os latinismos veranse segundo vaian aparecendo.

O enfoque metodolóxico favorecerá a capacidade de autoaprendizaxe, de traballar en equipo e de aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da vida. Centrarémonos fundamentalmente nos seguintes aspectos:

- Atención aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Desenvolvemento da capacidade de aprender por si mesmos.
- Fomento do traballo en equipo.
- Atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias básicas.
- Fomento da correcta expresión oral e escrita.
- Fomento do hábito de lectura.
- Utilización das TIC a diario para informarse, aprender, comunicarse e dar a coñecer coñecementos analizando a información con sentido crítico.

Utilizaranse amplamente todo tipo de medios audiovisuais. Traballarase tamén con recursos web como a aplicación Palladium do MEC para o estudo desta materia, onde o alumnado poderá comprobar os seus coñecementos e amplialos, por medio das actividades que se propoñen, os xogos e as autoavaliacións sobre os temas da materia ou a aula virtual que se habilitará no espazo web do centro, e na que estarán todos os contidos e actividades relacionadas cos temas así como cuestionarios para avaliar o grao de adquisición dos estándares de aprendizaxe.

#### METODOLOXÍA NO CASO DE HABER ALUMNADO EN CORENTENA.

No caso de que haxa alumnado que teña que estar confinado debido á COVID-19, utilizarase a aula virtual como vía de comunicación con estes alumnos. Aí recibirán material e propostas de traballo para poder continuar a súa aprendizaxe desde a casa.

Sempre que sexa posible contactarase con eles a través de videoclases ou clases gravadas (de ser o caso), como xa se fixo o curso pasado con bos resultados.

#### METODOLOXÍA NO CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL.

A metodoloxía estará baseada na aprendizaxe activa, participativa e significativa. Propóranse actividades motivadoras e nas que se traballen a un tempo todas as competencias ou a maior parte delas, facendo fincapé nas actividades baseadas na creatividade e no desenvolvemento das capacidades persoais do alumnado.

Serán actividades integradoras, que traballen á vez varios dos bloques de contidos e fomenten as ganas de aprender do alumnado, controlando os procesos de realización para asegurar que o alumnado mellore as súas habilidades de aprendizaxe e estarán adaptadas segundo as necesidades e posibilidades do alumnado, atendendo aos problemas que esta situación lles está a causar.

Poñerase sempre un prazo de entrega que aparecerá no calendario da clase e orientarase ao alumnado de cara á organización do traballo para mellorar a súa competencia de aprender a aprender.

Todas estas actividades estarán dispoñibles semanalmente ou cada 15 días (dependendo da actividade) na aula virtual de cada clase, onde tamén se resolverán dúbidas, haberá un taboleiro con novas e o alumnado poderá consultar o seu progreso.

Farase unha clase virtual alomenos cada semana para preparar o traballo a realizar, ademais de establecer outras vías de comunicación como o foro da aula virtual ou o correo electrónico. Do mesmo xeito, procurarase gravar estas clases semanais para que o alumnado poida acceder a ela con posterioridade.

No caso de detectarse alumnado con problemas de conectividade, seguirase o protocolo establecido, poñéndoo en coñecemento do titor ou titora quen coordinará un plan de recuperación. O departamento poñerase en contacto a través de medios alternativos (correo electrónico, teléfono, aplicación Abalarmóbil...) e facilitará, de ser necesario, o material preciso no formato que mellor se adapte ás súas circunstancias.

Todo o material necesario para a realización das actividades será proporcionado a través da aula virtual, principal plataforma de comunicación co alumnado ou noutros formatos de ser necesario.

## 6. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

---

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora, polo que deberá terse en conta desde todas as materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

O **apartado teórico** (exames escritos e traballos de investigación) contará o 100% na nota final de avaliación e será a media dos exames escritos, cuestionarios web e dos traballos realizados.

- **Exames escritos:** normalmente realizarase un por avaliación, podendo realizarse dous en casos excepcionais ou ningún se cos traballos xa se consideran acadados os estándares de aprendizaxe. Cada pregunta valerá un punto, agás nas que estea marcado especificamente outro valor. Valorarase tamén a corrección á hora de expresarse, polo que nestes exames descontarase 0.01 por cada falta de ortografía ata un máximo dun punto. De sorprender a algún alumno copiando nos exames, retirarase este automaticamente, resultando a nota o que leve feito ata o momento. Por norma xeral non se realizarán recuperacións dos exames, agás en casos puntuais e excepcionais. Neste apartado contabilizaranse tamén os cuestionarios de avaliación que realicen a través da aula virtual.
- **Traballos:** farán media cos exames que se fagan na avaliación. A nota que levaran eses traballos repartirase da seguinte maneira:
  - Un 20% da nota corresponderá á **presentación**: limpeza, acabado, seguir as pautas marcadas, faltas de ortografía ou de redacción e estética.
  - Un 20% será a **exposición oral** dos traballos que se propoñan na clase: non ler continuamente o guión ou a presentación que se faga, mostrar exemplos prácticos (vídeos, imaxes...), engadir datos non presentes na diapositiva ou imaxe que se expoña, correcta expresión corporal e linguaxe apropiada. No caso de non realizarse a exposición oral, esta puntuación engadirase ao contido.
  - Un 20% corresponderá á calidade do seu **traballo en grupo**. No caso de ser unha tarefa individual, a exposición oral contará un 25% e o contido un 55%.
  - O 40% corresponderá ao **contido**: adecuación ao tema, tratar todos os puntos marcados, orixinalidade, que estea redactado polo alumno e non copiado de internet e que desenvolva todos os aspectos dun xeito correcto e rigoroso.

No caso de que entreguen algún traballo copiado dun compañeiro ou literalmente de internet, a nota máxima que poderán levar será un 2. Co fin de que os alumnos adquiren un

maior sentido da responsabilidade, non se recollerán traballos entregados fóra de prazo, sendo polo tanto esta cualificación un 0.

**Actitude do alumno fronte á materia** (esfuerzo, atención, material, actitude na aula, traballo diario...): Como o traballo na aula, o estudo, participar na clase, ter o material dispoñible, a boa actitude e a realización das tarefas na casa se consideran un deber por parte do alumnado, no caso de non realizalo será penalizado de cada vez cunha falta que equivale a 0,25 menos na súa nota final de avaliación. Cando un alumno acade o 10% en negativos coas súas faltas de actitude poñeráse en coñecemento da familia e se persiste poderáse poñer un parte de faltas grave.

Como as notas de avaliación só admiten números enteiros, aplicarase o seguinte criterio para redondear as cifras decimais:

1. Redondearase ao enteiro superior no caso de que tales décimas teñan un valor igual ou maior de cinco ( por exemplo: 7.5 transcribiríase como un 8).
2. Redondearase ao enteiro inferior no caso de que estas décimas teñan un valor inferior a cinco (por exemplo: 7.4 transcribiríase como un 7).

A **cualificación final ordinaria** será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións do curso que deberá ser superior a 5 e para a que non se considerará os diferentes redondeos aplicados nas avaliacións. En casos extraordinarios, a profesora considerará a posibilidade de facer unha recuperación para alumnos que suspendan unha ou dúas avaliacións e demostren unha boa actitude de traballo e participación.

No caso de alumnos con necesidades educativas especiais, a superación consultarase co departamento de orientación.

No caso de non ter superado a materia na convocatoria ordinaria, o alumnado deberá presentarse a unha proba extraordinaria a finais de xuño, que consistirá nun exame escrito de tódolos contidos tratados durante o curso e que deberá superar coa nota mínima dun 5. Esta proba preparárase con material de reforzo e repaso durante as sesións previas á mesma.

## 7. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

---

Para realizar a avaliación inicial do alumnado, faráselle un pequeno boletín de exercicios que constará de preguntas nas que terán que relacionar a cultura clásica (que xa se tratou en

Xeografía e Historia de 1º de ESO) co mundo actual. Esa proba incluíra algunha pregunta corta de redactar para ver as súas destrezas lingüísticas e non terá valor para a cualificación dos alumnos, sendo o seu papel informativo e introdutorio do que van ser os contidos e o método de traballo na materia durante o curso.

## 8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE

---

Non procede por non haber alumnado coa materia pendente.

## 9. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR

---

Como está recollido no apartado de actividades de reforzo e ampliación, deseñaranse unha serie de actividades para o alumnado que necesite un traballo máis individualizado, segundo as súas necesidades específicas. Tamén se irán colgando na aula virtual diferentes actividades, xogos, exercicios, etc... que lles axudarán a reter e entender mellor os contidos.

Todas estas actividades estarán controladas e coordinadas pola profesora da Área.

## 10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

---

É fundamental atender ás necesidades educativas de tódolos alumnos. Polo cal se fará todo o posible por respectar os seus intereses, necesidades, etc...

Poderanse tomar diferentes medidas:

Adaptar os contidos de forma individualizada, mediante a aplicación metodolóxica en cada caso, tendo en conta:

- O interese mostrado polo alumno.
- As posibilidades de alcanza-los obxectivos propostos no currículo e a metodoloxía participativa que intentará crear unha presión colectiva para os alumnos máis reticentes ao esforzo que estimule a súa aprendizaxe.

- Controlar o ritmo de ensinanza-aprendizaxe para aqueles que teñan unha mellor capacidade, co fin de non prexudicar o seu avance intelectual e expresivo e posibilitar ao máximo o aproveitamento das súas capacidades.

- Agrupar aos alumnos de distintas formas na aula, de maneira que o traballo se faga individualmente ou en pequenos grupos heteroxéneos, utilizando os espazos de modo creativo e que se favoreza a participación.

- Ter en conta as actividades de avaliación sumativa, tendo unha gradación das actividades, que estableza unha diferenciación entre os diferentes niveis de adquisición dos contidos da área.

- Favorecer un espírito positivo e optimista resaltando os aspectos positivos dos coñecementos, que estimule a integración do grupo e o espírito de tolerancia.

- Adaptación curricular, de ser necesario.

## ACTIVIDADES DE REFORZO E AMPLIACIÓN

Aos alumnos/as avaliados negativamente nas diferentes avaliacións ao longo do curso propoñeránselles actividades, traballos, exames, etc. de acordo cos criterios de avaliación continua e de atención á diversidade a fin de que poidan recuperar a materia.

Prestarase especial atención ás faltas de ortografía, léxico e redacción. Os alumnos/as que presenten estes fallos deberán recuperalos, volvéndose pedir o caderno para comprobar que estes problemas foron enmendados.

No caso do alumnado que avance cun ritmo moito máis elevado que o resto da clase, elaborárase material específico que incluíra actividades motivadoras de investigación. Tamén se lles ofrecerán lecturas xuvenís de tema clásico para complementar os seus coñecementos. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais aplicaranse os protocolos pertinentes e farase un seguimento diario para favorecer que acaden os obxectivos.

## 11. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

---

O currículo oficial reconece a importancia de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores. Por iso, contén un conxunto de ensinanzas que, integradas no propio



programa das áreas, atravésano ou imprégnano. Reciben a denominación xenérica de ensinanzas comúns ou transversais. Este documento amosa a integración das ensinanzas transversais nos obxectivos, nas competencias, nos diferentes bloques de contido e nos criterios de avaliación que se poderían plasmar na área de cultura clásica do seguinte xeito:

#### EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

- Valoración do corpo e interese pola práctica de exercicio físico e a adopción de hábitos de hixiene corporal.
- Interese pola distribución equilibrada do tempo de traballo e de ocio.

#### EDUCACIÓN MORAL E CIVICA

- Actitude receptora e tolerante nas relacións a nivel individual e nas actividades en grupo.
- Valoración positiva da existencia de diferenzas entre as persoas e aceptación da pluralidade no seo da sociedade e en relación a outras sociedades e culturas diferentes á nosa.
- Interese polos mecanismos que regulan o funcionamento do grupo, en particular os dereitos e deberes de cada un.
- Análise crítica dos valores culturais e estéticos da nosa sociedade.
- Interese por coñecer e conservar o patrimonio cultural da nosa sociedade e das outras culturas.
- Actitude crítica diante de calquera tipo de discriminación individual ou social por razóns de raza, crenzas, sexo ou outras diferenzas individuais ou sociais.

#### EDUCACIÓN PARA A PAZ

- Tolerancia e respecto por todo tipo de diferenzas individuais, tanto de tipo físico como psíquico: axuda e cooperación nas actividades de aprendizaxe e interpretación musical.
- Respecto polas propostas, opinións e accións dos demais.
- Recoñecemento do diálogo como medio para a resolución de conflitos.

#### EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE SEXOS

- Toma de conciencia dos fenómenos de discriminación sexista, en particular na linguaxe, nas discusións e debates e nas actividades en grupo.

- Sensibilización polo reparto educativo de responsabilidades e o intercambio de roles entre todos os membros do grupo.

#### EDUCACIÓN AMBIENTAL

- Identificación dos problemas que afectan á conservación do medio ambiente. A contaminación do contorno: causas e posibles solucións. A conservación dos bens comúns, naturais e patrimoniais.

#### EDUCACIÓN PARA O CONSUMO

- Valoración crítica do uso indiscriminado dos aparatos de moderna tecnoloxía. Valoración crítica dos medios de comunicación de masas: reflexión sobre os usos sociais da publicidade.

## 12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

---

Utilizaranse apuntamentos facilitados polo profesor. Tamén se utilizarán outros recursos didácticos como:

- Mapas históricos e planos.
- Aplicacións informáticas e recursos web.
- Aula virtual.
- Textos históricos.
- Imaxes e vídeos sobre os temas a tratar.
- Libros de lecturas xuvenís sobre o mundo clásico.
- Libros de consulta sobre o mundo clásico.
- Dicionarios lingüísticos e culturais, etc.
- Ordenadores.

## 13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

---

Dedicarase en tódolos cursos un tempo diario á lectura comprensiva de todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico, relacionados coa materia que se estea a tratar na clase, tanto con debates como con preguntas ou comentarios sobre a temática dos textos. Tamén se suxerirán lecturas axeitadas á idade dos alumnos cun referente clásico que se comentarán na clase, e das que se procurará dispoñer na Biblioteca do centro.

Lecturas aconselladas:

- *Los doce trabajos de Hércules*. Editorial Vicens-Vives. Colección Clásicos Adaptados
- *Relatos mitológicos: El sendero de los mitos*. Ed. Anaya.
- Colección MISTERIOS ROMANOS: ASESINOS EN ROMA. Editorial Salamandra
- *En busca de una patria. La historia de La Eneida*, de Virgilio. Clásicos Adaptados. Editorial Vicens-Vives.
- *Las metamorfosis*, de Ovidio. Editorial Anaya. Clásicos a medida
- *Guárdate de los Idus*. Lola Gándara. Editorial SM
- *Gladiador: la lucha por la libertad*. Simon Scarrow. Ed. Edhasa.
- *Mitos e lendas da vella Grecia*. Miranda, A. Edicións do Castro.

Do mesmo xeito, haberá traballos de investigación que necesitarán unha boa comprensión lectora, sobre todo en soporte informático (webquests, cazas do tesouro, traballos de investigación...).

## 14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO DE EDUCACIÓN DIXITAL

---

En canto ás TIC, utilizaranse de xeito habitual en tódalas sesións de diferentes maneiras, por exemplo co uso de aplicacións didácticas relacionadas coa cultura clásica coma

o proxecto Palladium, o emprego da aula virtual, traballos de investigación en distintas plataformas coma Wix, Padlet..., webquests, elaboración de traballos en soporte informático, cuestionarios web, visionado de vídeos relacionados coas temáticas, etc...

## 15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

---

Desde este departamento seguiranse as directrices marcadas polo Plan de Convivencia do Centro, colaborando en tódolos aspectos para axudar á boa convivencia dentro da Comunidade educativa. Para isto procurárase, entre outras cousas:

- Fomentar o respecto polos demais e por outras culturas.
- Coidar a expresión, de maneira que sexa axeitada para un centro educativo, controlando as palabras malsoantes e condutas pouco adecuadas do alumnado.
- Vixiar que non corran e berren polos corredores.
- Intentar que o alumnado faga un bo uso de tódolos recursos e instalacións do centro.
- Procurar que participe toda a comunidade nas actividades propostas polo centro para que haxa un bo ambiente.
- Atallar tódalas condutas disruptivas.

## 16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

---

Ao longo do curso visualizaranse fragmentos de películas de temas grego e romano. Tamén se poderá realizar algunha saída didáctica para ver restos romanos do contorno como as Murallas de Lugo ou o Museo Provincial.

Tamén se procurará colaborar cos diferentes equipos de dinamización do centro realizando distintas actividades relacionadas coa materia que se irán concretando ao longo do curso e elaborar algunha actividade para o proxecto Móvete + no que está a participar o centro.

## 17. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

---

En primeiro lugar haberá que observar se o alumnado segue o ritmo da programación e en función diso irase variando ao longo do curso para que todo o alumnado acade os obxectivos marcados.

Outro indicador básico serán os resultados dos alumnos e o seu grao de adquisición dos contidos e das competencias clave. En función destes datos poderase variar a metodoloxía empregada ou o tipo de actividades a realizar.

Ademais, a final de curso pasaráselle ao alumnado unha enquisa onde se comentarán tódolos factores que inflúen nas clases para poder así melloralas baseándonos na súa experiencia. Nesta enquisa poderán tamén engadir as súas propostas de cambio para cursos posteriores.

A revisión, avaliación e modificación da programación serán recollidas na memoria de fin de curso do departamento.

## 18. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

---

<b>AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE</b>	
<b>ACTIVIDADE</b>	<b>INDICADORES DE LOGRO</b>
Planificación	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe.</li> <li>- Realiza a temporalización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo.</li> <li>- Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo.</li> </ul>

<b>AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE</b>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Planifica as clases de maneira aberta e flexible.</li> <li>- Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente, así como os arranxos de obras para interpretar na clase.</li> <li>- Establece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación relacionados directamente cos estándares de aprendizaxe.</li> <li>- Coordínase co profesorado doutros departamentos.</li> </ul>
<p>Motivación do alumnado</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dá a coñecer a planificación da práctica proporcionando unha visión de conxunto a principio de curso e ao comezo de cada sesión de traballo.</li> <li>- Establece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído dentro e fóra da aula.</li> <li>- Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe.</li> <li>- Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novidosos.</li> <li>- Fomenta un bo ambiente na aula.</li> <li>- Promove a participación activa do alumnado no seu proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos.</li> <li>- Relaciona os contidos, os proxectos e as actividades cos intereses do alumnado.</li> <li>- Organiza a aula para que o alumnado dispoña de espazo e recursos na realización da práctica instrumental.</li> <li>- Evita a repetición de pezas a fin de introducir elementos</li> </ul>

<b>AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE</b>	
	novidosos que motiven ao alumnado.
Desenvolvemento do traballo diario	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Resume e repasa ao comezo de cada sesión os contidos xa traballados en sesións anteriores.</li> <li>- Utiliza exemplos na introdución de novos contidos.</li> <li>- Resolve as dúbidas do alumnado dentro e fóra das sesións de traballo.</li> <li>- Establece tempos fóra das sesións de traballo para atender ao alumnado de ser necesario.</li> <li>- Relaciona os contidos a dar con elementos da súa realidade diaria ou cos de outras materias.</li> <li>- Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo.</li> <li>- Selecciona pezas vocais e/ou instrumentais, proxectos e actividades en xeral que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave.</li> <li>- Fomenta a autonomía, a igualdade, a iniciativa persoal, o traballo en equipo e o respecto (tanto entre compañeiros, coma co resto da comunidade e o material) para que o alumnado acade maior confianza en si mesmo.</li> </ul>
Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias.</li> <li>- Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios probas e actividades en xeral.</li> <li>- Establece medidas que permitan introducir melloras.</li> <li>- Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando os aspectos nos que o alumnado pode e debe introducir melloras.</li> </ul>

<b>AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE</b>	
	<ul style="list-style-type: none"><li>- Proporciona indicacións durante a realización do traballo práctico.</li><li>- Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven durante as sesións de traballo.</li><li>- Favorece os procesos de autoavaliación.</li><li>- Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe.</li><li>- Establece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación.</li><li>- Informa ao alumnado e ás súas familias dos resultados obtidos.</li></ul>

A profesora da área

Lina M<sup>a</sup> González López